



## PRESENTACIÓN



---

## I. PRESENTACIÓN

A presente Memoria reflicte os Orzamentos iniciais das catro deputacións de Galicia para o ano 2017, de acordo ao disposto na disposición adicional terceira do Estatuto de Autonomía de Galicia, que establece que os orzamentos das deputacións provinciais galegas uniranse aos da Xunta, dentro do marco xeral de coordinación coas administracións locais de Galicia.

Esta Memoria pretende, ser un instrumento máis de coñecemento da realidade das facendas locais, neste caso do ámbito provincial, e proporcionar unha descrición dos orzamentos sinxela e sintética.

A Memoria soamente recolle a través de táboas e gráficos as principais magnitudes orzamentarias, divididas en dúas partes: ingresos e gastos, incluíndo unha serie coa evolución de catro variables principais, como o total do orzamento, os ingresos tributarios, os gastos de persoal e as operacións de capital, ao longo dos seis últimos anos (2012-2017).

Tamén se describen as finalidades dos gastos segundo a estrutura de programas, destacando as principais áreas e políticas, tanto a nivel do conxunto das catro deputacións como de cada unha delas por separado.

Engádese ao final os principais indicadores en termos de contabilidade nacional dos dous últimos anos.

